

## Guía didáctica do alumnado de bacharelato semipresencial

# Segunda lingua estranxeira: lingua inglesa II

Ensinanza	Bacharelato a distancia semipresencial
Tipo de documento	Guía do alumnado
Curso	2º
Materias	Optativa
Nome da materia	Segunda lingua estranxeira: lingua inglesa
Autor/a ou autores:	Olga Cristina Padín Viaño e Cristina Luaces Ensá



# Índice

---

<b>1. Introducción.....</b>	<b>6</b>
A materia: liñas xerais .....	6
Libro de texto .....	6
Distribución temporal das unidades.....	7
Metodoloxía de estudo .....	7
Apartados do traballo en cada unha das unidades .....	8
As titorías lectivas e de orientación .....	9
Lecturas recomendadas .....	9
<b>2. Unidade 6 .....</b>	<b>11</b>
2.1 Criterios de avaliación.....	11
2.2 Suxestións para o estudo .....	11
2.3 Actividades de autoavaliación.....	11
<i>File 6A: Only rock'n'roll, but I like it.</i> .....	11
<i>File 6B: My favourite room</i> .....	12
<i>File 6C: Murder at Christmas 1.</i> .....	12
<i>File 6D: Murder at Christmas 2.</i> .....	12
Avaliación final.....	12
2.4 Actividades de titoría .....	12
<i>File 6A: Only rock'n'roll, but I like it.</i> .....	12
<i>File 6B: My favourite room</i> .....	12
<i>File 6C: Murder at Christmas 1.</i> .....	12
<i>File 6D: Murder at Christmas 2.</i> .....	13
<i>Travel with English: At tourist information</i> (páxinas 92 e 93).....	13
<i>Vocabulary File 6:</i> páxina 93 .....	13
Actividade opcional.....	13
<b>3. Unidade 7 .....</b>	<b>13</b>
3.1 Criterios de avaliación.....	13
3.2 Suxestións para o estudo .....	13
3.3 Actividades de autoavaliación.....	14
<i>File 7A: Smoking damages your wealth</i> .....	14
<i>File 7B: Saturday night fever</i> .....	14
<i>File 7C: On 14th February</i> .....	14
<i>File 7D: Yesterday</i> .....	14
Actividades de avaliação final.....	14
3.4 Actividades de titoría .....	14
<i>File 7A: Smoking damages your wealth</i> .....	14
<i>File 7B: Saturday night fever</i> .....	14
<i>File 7C: On 14th February</i> .....	14
<i>File 7D: Yesterday</i> .....	15
<i>Travel with English: Directions</i> (páxina 106 e 107).....	15
<i>Vocabulary File 7:</i> páxina 108 .....	15
Actividade opcional.....	15
<b>4. Unidade 8 .....</b>	<b>15</b>
4.1 Criterios de avaliación.....	15
4.2 Suxestións para o estudo .....	15
4.3 Actividades de autoavaliación.....	15

<i>File 8A: Watching you, watching me</i> .....	15
<i>File 8B: Fashion</i> .....	16
<i>File 8C: Spend, spend, spend</i> .....	16
Actividades de evaluación final.....	16
<b>4.4 Actividades de tutoría .....</b>	<b>16</b>
<i>File 8A: Watching you, watching me</i> .....	16
<i>File 8B: Fashion</i> .....	16
<i>File 8C: Spend, spend, spend</i> .....	16
<i>Travel with English: On the phone</i> (página 119).....	17
<i>Vocabulary File 8</i> : página 121 .....	17
Actividad opcional.....	17
<b>5. Unidade 9 .....</b>	<b>17</b>
5.1 Criterios de evaluación.....	17
5.2 Suxestións para o estudo .....	17
5.3 Actividades de autoavaliación.....	17
<i>File 9A: Comparatively trivial</i> .....	18
<i>File 9B: Predict your future</i> .....	18
<i>File 9C: Happy Birthday</i> .....	18
<i>File 9D: Can men cook?</i> .....	18
Actividades de evaluación final.....	18
5.4 Actividades de tutoría .....	19
<i>File 9A: Comparatively trivial</i> .....	19
<i>File 9B: Predict your future</i> .....	19
<i>File 9C: Happy birthday!</i> .....	19
<i>File 9D: Can men cook?</i> .....	19
<i>Travel with English: Buying clothes</i> (páginas 134 – 135) .....	19
<i>Vocabulary File 9</i> : página 136 .....	19
Actividad opcional.....	19
<b>6. Unidade 10 .....</b>	<b>20</b>
6.1 Criterios de evaluación.....	20
6.2 Suxestións para o estudo .....	20
6.3 Actividades de autoavaliación.....	20
<i>File 10: Jealous!</i> .....	20
Actividades de evaluación final.....	20
6.4 Actividades de tutoría .....	20
<i>File 10: Jealous!</i> .....	21
<i>Grammar Check 10</i> (caderno de Gramática y Práctica).....	21
<b>7. Solucións ás actividades de autoavaliación .....</b>	<b>22</b>
7.1 Unidade 6 .....	22
<i>File 6A: Only Rock'n'Roll, but I like it</i> .....	22
<i>File 6B: My favourite room</i> .....	23
<i>File 6C: Murder at Christmas 1</i> .....	23
<i>File 6D: Murder at Christmas 2</i> .....	24
<i>Language Practice</i> (páginas 87 – 90) .....	25
7.2 Unidade 7 .....	26
<i>File 7A: Smoking damages your wealth</i> .....	26
<i>File 7B: Saturday night fever?</i> .....	27
<i>File 7C: On 14th February</i> .....	27
<i>File 7D: Yesterday</i> .....	28

<i>Language Practice</i> (páxinas 102 – 105) .....	29
<i>Quicktest 3</i> da páxina 109 .....	30
<b>7.3 Unidade 8 .....</b>	<b>30</b>
<i>File 8A: Watching you watching me</i> .....	30
<i>File 8B: Fashion</i> .....	31
<i>File 8C: Spend, spend, spend</i> .....	31
<i>Language Practice</i> (páxinas 116 – 118) .....	32
<b>7.4 Unidade 9 .....</b>	<b>33</b>
<i>File 9A: Comparatively trivial</i> .....	33
<i>File 9B: Predict your future</i> .....	34
<i>File 9C: Happy Birthday</i> .....	34
<i>File 9D: Can men cook?</i> .....	35
<i>Language Practice</i> (páxinas 130 – 133) .....	36
<i>Quicktest 4</i> da páxina 137 .....	38
<b>7.5 Unidade 10 .....</b>	<b>38</b>
<i>File 10: Jealous!</i> .....	38
<i>Language Practice</i> (páxina 140).....	38

# 1. Introdución

---

## A materia: liñas xerais

A Comisión Europea estableceu entre os obxectivos fundamentais da educación en Europa o dominio de tres linguas comunitarias, a materna e dúas linguas estranxeiras. Este obxectivo persegue, por unha banda, fomentar o respecto á diversidade lingüística e cultural, evitando que a competencia lingüística en linguas estranxeiras se concentre exclusivamente en torno a unha delas. Por outra banda, este enriquecemento da competencia lingüística pretende favorecer a mobilidade, o intercambio de información e a adaptación a contornos de traballo e de vida nos que se integran linguas e culturas diferentes. Neste marco, o multilingüísmo é unha parte esencial da cidadanía e da identidade europea, pero é tamén unha peza imprescindible da sociedade do coñecemento.

A aprendizaxe doutras linguas non lle serve únicamente para poder comunicarse nouros idiomas, senón que ademais contribúe á súa formación intelectual xeral e á súa integración social. Á parte diso, o coñecemento e o dominio doutras linguas vese coma unha necesidade imperiosa na sociedade actual por mor da intensificación das relacións internacionais, do aumento das oportunidades de traballar no estranxeiro, da influencia das linguas estranxeiras nos medios de comunicación e do seu uso extensivo nas novas tecnoloxías.

O currículo de bacharelato contempla que o alumnado, por unha banda, continúa desenvolvendo a súa competencia comunicativa na lingua estranxeira na que se iniciou nas etapas de educación primaria e educación secundaria obligatoria e, por outra banda, adquira un nivel axeitado de competencia comunicativa nunha segunda lingua estranxeira que se puido iniciar xa na etapa anterior. Por suposto que non se lle vai esixir nesta materia un nivel equivalente ao da primeira lingua, pero si o suficiente para que, neste segundo curso, poida alcanzar unhas competencias lingüísticas axeitadas.

Debido á importancia política que se lle dá á aprendizaxe de linguas estranxeiras, o Consello de Europa elaborou un documento de referencia: *O Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas: Aprendizaxe, Ensinanza, Avaliación*. Este documento insiste nun enfoque comunicativo da aprendizaxe, mediante o uso e a acción, e a través dun currículo orientado aos procesos. O alumnado é usuario da lingua, é dicir, é un axente social que desenvolve tarefas comunicativas concretas, mediante actividades comunicativas lingüísticas. Do mesmo xeito, as actividades propostas están dirixidas a fomentar a súa autonomía de estudio.

De acordo co *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*, ao rematar este curso, vostede será competente na maioría das capacidades lingüísticas expresadas no nivel A1.

## Libro de texto

O libro que empregará é: *English File 1 (Self-study Edition)*, Clive Oxenden e Paul Seligson. Oxford University Press. Lugar e data de edición: España, 2009 (1ª edición 2002). ISBN: *Manual del alumno* (978-0-19-438726-2), *Guía del alumno* (978-0-19451954-0), *Transcripciones y Solucionario* (978-0-19-438728-6).

## Distribución temporal das unidades

No primeiro curso de bacharelato xa estudou as cinco primeiras unidades (*files*) do *pack*; as cinco restantes constituirán a materia deste segundo curso. Ao longo do curso, a materia distribuirase en tres avaliacións. Abordaremos as seguintes unidades:

Avaliación	Unidade
Primeira avaliação	Unidade 6 ( <i>File 6</i> )
	Unidade 7 ( <i>File 7</i> )
Segunda avaliação	Unidade 8 ( <i>File 8</i> )
	Unidade 9 ( <i>File 9</i> )
Terceira avaliação	Unidade 10 ( <i>File 10</i> )

## Metodoloxía de estudo

Antes de comenzar o curso convén repasar todo o aprendido. Para iso, ten vostede os *Quicktest* das leccións anteriores e pode avaliar os seus coñecementos. Fágao todas as veces que poida e intente mellorar a súa puntuación. Unha vez asimilado todo, pode comenzar a unidade 1 de segundo de bacharelato (unidade 6 do libro de texto).

Neste segundo curso de bacharelato séguese o mesmo modelo de primeiro. Preséntase o contido de cada unidade xunto coa explicación gramatical correspondente, e non se avanza na programación sen antes ter consolidado con exercicios e actividades o aprendido: despois de cada *File*, vostede ten as actividades da práctica lingüística correspondente.

Para unha correcta e progresiva aprendizaxe da lingua inglesa, e debido a que a lingua materna é o punto básico de referencia á que se acode constantemente establecendo comparacións, o alumno debe ter coñecementos básicos da gramática española ou galega, polo menos, ao mesmo nivel que o da lingua que empeza a estudar. Por iso, nos resumos de gramática ten vostede unha listaxe de termos gramaticais útiles (*Gramática y Práctica*, páxina 21).

Para avanzar na súa aprendizaxe é moi recomendable empregar a axuda complementaria do seu libro de texto, principalmente dos apéndices e tamén dos trucos (*tips*) que se ofrecen en cada lección.

- É importante que dedique un tempo a localizar e identificar as ferramentas á súa disposición no *Manual del alumno*:
  - *Manual del viajero (Travel phrasebook)*, na páxina 141, coas expresións básicas que se poden utilizar nunha viaxe.
  - Un dicionario ilustrado (*Word Bank*) de palabras / frases clave para repasar o vocabulario.
  - Listaxe dos sons onde atopará vostede un resumo dos 44 sons do sistema fonético da lingua inglesa.
  - Listaxe do vocabulario de cada lección co significado.
  - Listaxe dos verbos irregulares con exemplos e coa pronuncia dos que ofrecen dificultades.
- Ademais ten vostede as seguintes ferramentas:
  - Un caderno de *Gramática y Práctica* que ofrece un resumo dos principais contidos gramaticais e exercicios para cada lección.
  - *Guía del alumno* para utilizar sempre que se necesite unha explicación máis detallada de cada lección e que inclúe unha tradución dos diálogos principais.

- Un caderno coas transcripcións e co solucionario.
- Ademais do material de *audio* para o curso, un CD *Listen and Speak*, con exercicios de práctica para escoitar e repetir cando o necesite.
- Un vídeo cunha serie de historias que vén acompañado dunha guía con exercicios e as súas transcripcións.
- Un CD-ROM con exercicios de práctica interactivos de pronuncia e vocabulario.

Todas as actividades deste libro teñen as respostas detalladas nun caderno. Aínda así, sinalamos máis adiante aquelas que poderá realizar vostede pola súa conta (autoavalación) e aquellas con más dificultades que poderá consultar co titor (actividades de titoría).

De todos os xeitos, non se esqueza de preguntar ao titor, nas titorías presenciais ou de orientación, sobre aquellas actividades que non entenda ou segundo as indicacións do seu profesor de lingua estranxeira.

Debe ter en conta estas recomendacións:

- Fíxese nas diferentes estratexias que se lle indican en cada lección (*Study tips*) para ir confrontándose pouco a pouco á comprensión e expresión oral e escrita dunha lingua estranxeira.
- Ao rematar unha lección, intente facer sempre os exercicios correspondentes de práctica lingüística.
- Despois pode facer as súas propias listaxes de vocabulario co significado e pronuncia.
- A práctica oral é imprescindible para aprender unha lingua. Esta práctica será boa para a súa pronuncia, para reforzar as estruturas gramaticais e para aprender vocabulario. Para todo isto, empregue o CD-ROM e o vídeo.
- Non se preocupe se non entende todo a primeira vez. Escoite o CD todas as veces que precise.

### **Apartados do traballo en cada unha das unidades**

Na materia de lingua estranxeira a realización das actividades resulta esencial xa que os contidos procedementais acadan un interese máximo. Mediante a súa realización vostede vai avanzar na súa aprendizaxe. No desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas empregouse unha estrutura na que, mediante o coñecemento do punto de partida, podamos alcanzar os obxectivos propostos. As fases deste proceso metodolóxico son as seguintes:

- **Avaliación inicial**, na que tratamos de coñecer os coñecementos de partida, posibles ideas preconcibidas erróneas ou o grao de actividade e motivación dos alumnos.
- **Actividades sinxelas de motivación e introdución**, coas que tentamos interesar ao alumno acerca dos contidos tratados e dar aplicación á teoría explicada.
- **Actividades de desenvolvemento e consolidación**. Con elas conseguiremos afianzar os contidos da unidade didáctica e alcanzar os obxectivos propostos. Do mesmo xeito, tomaranse medidas de reforzo ou ampliación nos casos en que se precisen.
- **Actividades de avaliação final**. Con elas conseguimos concretar o grao de consecución dos obxectivos.

Por iso, no estudo de cada unidade, deberá realizar as actividades indicadas ao longo desta guía, que pertencen a dous tipos:

- As **actividades de autoavalación**, que teñen como finalidade que coñeza o grao que alcanzou na consecución dos obxectivos propostos. Deste xeito, saberá se é quen de se-

uir adiante ou debería revisar algún concepto pasado. Lémbrese que ao final desta guía se incluíu un *Solucionario de actividades* no cal poderá comprobar a corrección das súas respuestas.

- As **actividades de titoría**, que vostede debe realizar para, posteriormente, ser comentadas e corrixidas nas titorías correspondentes.

Cada unidade está dividida nun número diferente de seccións dependendo da súa complexidade. En calquera caso, todas as leccións teñen os seguintes apartados en común:

- **Os obxectivos didácticos**, que están especificados na parte superior da páxina. A estrutura gramatical principal do *file* aparece en azul e o vocabulario clave aparece en negro.
- **A gramática**. Asegúrese de que entende os exemplos e as regras gramaticais que aparecen nas táboas de cor azul. Non esqueza que a programación gramatical básica atopará resumida no libro de *Gramática e Práctica*.
- As actividades de **pronuncia**, que aparecen en cor rosa. *English File* emprega un sistema fonético ilustrado que lle axudará a aprender os sons da lingua inglesa e a pronunciar dun xeito correcto.
- Os **listenings** ou actividades de comprensión oral e os **readings** ou actividades de comprensión escrita.
- Exercicios de **vocabulario**.
- Ao final da unidade, atopará unhas páxinas de **Práctica lingüística**, onde revisará os contidos principais da unidade.
- A lección **Travel with English** (coa súa correspondente **Práctica lingüística**), que se centra na linguaxe de supervivencia de situacíons prácticas. Lembre que na páxina 141 ten vostede o *Manual del Viajero*, cunha listaxe de frases básicas para cada situación comunicativa.
- **O File de vocabulario** con actividades que resumen toda a linguaxe útil e importante, aprendida desde a primeira sección da unidade.
- Igualmente, cada dúas ou tres unidades atopará un **Quicktest**, que avalía a aprendizaxe dun grupo de *files*.

## As titorías lectivas e de orientación

Nas titorías lectivas o profesor dará unha explicación teórica breve e concisa dos conceitos imprescindibles para despois propor actividades relacionadas con estes conceptos.

As titorías de orientación dedicaranse a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o estudo da materia e os problemas que este atope no desenvolvemento do seu traballo autónomo. Do mesmo xeito, realizaranse as orientacíons que se aconsellen para o mellor aproveitamento do seu estudo.

## Lecturas recomendadas

Aínda que o material que lle propomos é autosuficiente, seríalle recomendable ter a man dous libros de consulta: un dicionario e unha gramática.

No tocante aos dicionarios, pode elixir entre as versións monolingües ou bilingües. Malia que os dicionarios monolingües son altamente recomendables, debe ter en conta que lle esixen un bo nivel de inglés. Ademais, existen dicionarios temáticos visuais para aprender a través da imaxe.

Por outra parte, tamén atopamos libros de gramática tanto en edicións monolingües

como nas súas versións en castelán ou galego. O realmente importante destas gramáticas é que posúan unha parte práctica (con actividades e o seu correspondente solucionario) para que poida vostede estudar de xeito autónomo.

Lembrámoslle, igualmente, que existe no mercado unha ampla variedade de libros de lectura graduados a diferentes niveis (*readers*) para que poida entreterse e mellorar o seu nivel de inglés ao mesmo tempo.

Do mesmo xeito, recomendámosalles as seguintes páxinas *webs*:

- <http://www.oup.com/elt/englishfile/>
- <http://www.mansioningles.com/>
- <http://www.isabelperez.com/>
- <http://www.learnenglish.be/>
- <http://www.languageguide.org/english/esp/>
- <http://www.esl-lab.com/>
- <http://www.leoloqueveo.org/indexi.htm>
- <http://www.wordreference.com/es/>
- <http://madridteacher.com/Activities/>
- <http://visual.merriam-webster.com/>
- <http://www.wordreference.com/es/> (cun foro con comentarios de anglosaxóns)
- <http://www.uiowa.edu/%7Eacadtech/phonetics/#>

## 2. Unidade 6

---

### 2.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade 6 debería ser capaz de:

- Preguntar polos gustos musicais doutras persoas e expresar os propios.
- Empregar correctamente os pronomes persoais de obxecto directo e indirecto, o pasado do verbo *be* e os adxectivos cualificativos.
- Saber describir o que hai nunha habitación: mobiliario e obxectos da casa.
- Empregar correctamente as preposiciones *at/in* + lugar.
- Saber solicitar información turística: horarios, medios de transporte e prezos.

### 2.2 Suxestións para o estudo

Convén que teña en conta os seguintes aspectos:

- Fíxese en que os adxectivos cualificativos *terrible*, *awful*, *brilliant* e *great* non se empregan acompañados de *very*.
- Observe que os pronomes obxecto (*me*, *him*, etc.) se usan en lugar dun nome de persoa, animal ou cousa.
- Lembre que o pronomo obxecto vai sempre detrás do verbo: *I love you*.
- Recorde que o verbo *like* non funciona como en castelán; temos que dicir “*you like me*” (isto non significaría que ti me gustas, senón que a ti che gusto eu).
- Convén recordar que *some* e *any* son cuantificadores. *Some* emprégase en frases afirmativas e *any* en frases negativas e interrogativas.
- Fíxese que o verbo *be* ten só dúas formas de pasado: *was* (1<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> de singular) e *were* (para todas as demás). Lembre a inversión que se produce ao facer unha pregunta (inversión suxeito-verbo): *Were you hungry?*
- Se non entende algún diálogo, ten a tradución na páxina 68 ao final da *Guía del alumno*.

### 2.3 Actividades de autoavaliación

#### *File 6A: Only rock'n'roll, but I like it*

- Realice os exercicios 1, 2a, 3a e 3b da páxina 82.
- Lea a información relativa aos pronomes complemento na páxina 12 do caderno de *Gramática y Práctica* e complete o cadre do apartado de *Gramática* da páxina 82.
- Faga a sección de pronuncia da mesma páxina.

#### **File 6B: My favourite room**

- Realice as actividades 1a e 1b da páxina 83.
- Lea a información relativa ao emprego de *some* e *any* na páxina 12 do caderno de *Gramática y Práctica* e complete o cadro do apartado de *Gramática* da páxina 83.
- Realice o exercicio de pronuncia da páxina 83.

#### **File 6C: Murder at Christmas 1**

- Realice as actividades 1, 2 e 3 da páxina 84.
- Lea a información relativa ao pasado simple do verbo *to be* na páxina 12 do caderno de *Gramática y Práctica* e complete o cadro do apartado de *Gramática* da páxina 85.
- Practique a pronuncia das formas fortes e débiles na sección de pronuncia da páxina 85.

#### **File 6D: Murder at Christmas 2**

- Realice os exercicios 1, 2a e 2b da páxina 86.

#### **Avaliación final**

##### **Sección *Language practice* (páxinas 87 - 90)**

- Faga as seguintes actividades:
  - **File 6A:** exercicios 1a, 2 e 3.
  - **File 6B:** exercicios 1, 3a e 3c.
  - **File 6C:** exercicios 2 e 4.
  - **File 6D:** exercicios 4.

## **2.4 Actividades de titoría**

#### **File 6A: Only rock'n'roll, but I like it**

- Realice o exercicio 2b da páxina 82.
- Unha vez lida a información acerca dos pronomes obxecto, realice a *Práctica* da seción de *Gramática* da páxina 82.

#### **File 6B: My favourite room**

- Realice os exercicios de vocabulario da páxina 148.

#### **File 6C: Murder at Christmas 1**

- Escoite as pistas 10 e 11 e faga o exercicio de pronuncia da páxina 85.
- Realice o exercicio 5 da páxina 85.

#### **File 6D: Murder at Christmas 2**

- Complete o cadro de *Gramática* da páxina 86 e realice os exercicios 3 e 4 da mesma páxina.

#### **Travel with English: At tourist information (páxinas 92 e 93)**

#### **Vocabulary File 6: páxina 93**

#### **Actividade opcional**

Como actividade opcional pode ver o episodio 6 do vídeo.

## **3. Unidade 7**

---

### **3.1 Criterios de avaliación**

Ao final da unidade 7 debería ser capaz de :

- Empregar correctamente o pasado simple dos verbos regulares e irregulares.
- Pronunciar correctamente a terminación *-ed* dos verbos regulares.
- Saber enunciar os números ordinais e as datas.
- Utilizar adecuadamente as preposiciones temporais e de lugar.
- Saber pedir e dar indicacións para chegar a un sitio.
- Coñecer a diferenza entre os conectadores *after*, *after that* e *then*.

### **3.2 Suxestións para o estudo**

Convén que teña en conta os seguintes aspectos:

- Observe que en inglés o pasado simple é invariable para todas as persoas.
- Lembre que non debe traducir literalmente senón de xeito que os textos soen natural na súa lingua. Ten un exemplo na páxina 68 da *Guía del Alumno*.
- Non esqueza a orde correcta para formular preguntas. Diferencie entre a estrutura das *wh-questions* e das *yes/no questions*.
  - **Wh-questions:** *Wh-word / auxiliary / subject / infinitive* (“*When did you go out?*”).
  - **Yes/no questions:** *Auxiliary / subject / infinitive* (*Did you go out?*”).
- Empregue sempre os números ordinais para as datas.
- Recorde que *nacer* en inglés é unha construción pasiva formada polo verbo *be + born*: “*I was born*” tradúcese por “*nacín*”.
- Non confunda *opposite* (“fronte a”) con *in front of* (“diante de”).
- Siga o consello da páxina 103 e confeccione vostede mesmo unha lista de verbos regulares e irregulares para ir aprendéndoos pouco a pouco.

## 3.3 Actividades de autoavaliación

### **File 7A: Smoking damages your wealth**

- Realice os exercicios 1, 2, 3a e 3b das páxinas 94 e 95.
- Lea a información relativa ao pasado simple na páxina 14 do caderno de *Gramática y Práctica*.

### **File 7B: Saturday night fever**

- Faga as actividades 1 e 2 das páxinas 96 e 97.

### **File 7C: On 14th February**

- Realice o exercicio 1 da páxina 98.
- Despois faga as actividades 3, 4 e 5 da páxina 99.

### **File 7D: Yesterday**

- Realice os exercicios 2, 4a e 4b da páxina 101.

### **Actividades de avaliação final**

#### **Sección *Language Practice* (páxinas 102 - 105)**

- Faga as seguintes actividades:
  - **File 7A:** exercicios 1 e 2 da páxina 102.
  - **File 7B:** exercicios 1 e 2 da páxina 103.
  - **File 7C:** exercicio 3 da páxina 104.
  - **File 7D:** exercicios 2a e 3b da páxina 105.

#### **Sección *QuickTest 3* (páxina 109)**

- Faga esta proba, onde revisará os contidos relativos ao vocabulario e á gramática xa vistos ao longo das unidades 6 e 7 e comprobará se asimilou todo ben.

## 3.4 Actividades de titoría

### **File 7A: Smoking damages your wealth**

- Faga as actividades de *Pronunciación* e os exercicios 5a e 5b da páxina 95.

### **File 7B: Saturday night fever**

- Faga a *Práctica* do apartado de *Gramática* da páxina 97, a actividade de pronuncia e o exercicio 4 da mesma páxina.

### **File 7C: On 14th February**

- Realice o exercicio 2 da páxina 98, despois practique a pronuncia da páxina 99.

- Realice toda a *Práctica* da sección de *Gramática* da mesma páxina.

#### **File 7D: Yesterday**

- Faga o exercicio 1 da páxina 100.
- Practique a pronuncia da páxina 101 e faga os exercicios 5a e 5b.

#### **Travel with English: Directions (páxina 106 e 107)**

#### **Vocabulary File 7: páxina 108**

#### **Actividade opcional**

Como actividade opcional pode ver o episodio 7 do vídeo.

## **4. Unidade 8**

---

### **4.1 Criterios de avaliación**

Ao final da unidade 8 debería ser capaz de:

- Empregar correctamente o presente continuo e diferenciar este tempo do presente simple.
- Preguntar e describir a roupa que leva posta unha persoa.
- Expresar plans futuros coa forma *be going to* + expresións de futuro (*tomorrow*, *next...*).
- Manter unha conversa telefónica.

### **4.2 Suxestións para o estudo**

Convén que teña en conta os seguintes aspectos:

- Fíxese nas normas ortográficas da forma do xerundio que aparece no *File 4d*.
- Teña en conta que *trousers* e *clothes* son substantivos plurais e lembre que o adjetivo se coloca diante do nome (“*a green dress*”).
- *Next* e *last* non levan artigo: *next week*, *last year*.
- Non esqueza que “*esta mañá*” se traduciría como “*this morning*”, mais “*esta noite*” dise “*tonight*.”

### **4.3 Actividades de autoavaliación**

#### **File 8A: Watching you, watching me**

- Realice as actividades 2a e 2b da páxina 111.

- Lea a información referida ao presente continuo na páxina 16 do caderno de *Gramática y Práctica*, complete a táboa do apartado de *Gramática* e faga a *Práctica* deste mesmo apartado na páxina 111.

#### ***File 8B: Fashion***

- Faga os exercicios 1, 2 e 4 das páxinas 112 e 113.
- Se ten algunha dúbida sobre o presente simple ou o continuo, consulte a información no caderno de *Gramática y Práctica* (páxina 16) e complete a teoría do apartado de *Gramática* da páxina 113.

#### ***File 8C: Spend, spend, spend***

- Lea a información relativa ao *be going to* no caderno *Gramática y Práctica* (páxina 16) e complete o cadro referente á *Gramática* da páxina 115.
- Realice as actividades 1, 2 e 3 da páxina 114.

### **Actividades de avaliação final**

#### **Sección *Language Practice* (páxinas 116 - 118)**

- Faga as seguintes actividades:
  - *File 8A*: exercicios 1 e 3 da páxina 116.
  - *File 8B*: exercicios 1a e 2a da páxina 117.
  - *File 8C*: exercicios 2 e 3 da páxina 118.

## **4.4 Actividades de titoría**

#### ***File 8A: Watching you, watching me***

- Faga os exercicios 3a, 3b, 4a, 4b, 5 e 6.
- Practique a pronuncia de todas as consonantes inglesas da páxina 153.

#### ***File 8B: Fashion***

- Realice a *Práctica* da sección de *Gramática* da páxina 113.
- A continuación, faga a actividade 5 da páxina 113.

#### ***File 8C: Spend, spend, spend***

- Faga o exercicio 4 da páxina 115.
- Faga a sección de *Práctica* da mesma páxina.
- Realice a actividade de pronuncia de mesma páxina.
- Faga o exercicio 6 da páxina 115.

**Travel with English: On the phone** (páxina 119)

**Vocabulary File 8:** páxina 121

#### **Actividade opcional**

Como actividade opcional pode ver o episodio 8 do vídeo.

## **5. Unidade 9**

---

### **5.1 Criterios de avaliación**

Ao final da unidade 9 debería ser capaz de:

- Comparar dúas cousas ou persoas empregando correctamente o grao comparativo dos adxectivos.
- Facer predicións sobre o que vai ocorrer no futuro utilizando *be going to* e responder afirmativa ou negativamente a estas predicións.
- Expressar como se está a facer algo mediante adverbios de modo.
- Falar sobre alimentos e bebidas empregando os cuantificadores *a / an / some / any / much / many* ou as unidades de medida axeitadas (*a carton of, a tin of...*).
- Preguntar por un artigo determinado nunha tenda de roupa e expresar unha opinión sobre el.

### **5.2 Suxestións para o estudo**

Convén que teña en conta os seguintes aspectos:

- Lembre que os adxectivos comparativos poden formarse de distintas maneiras: engadindo o sufijo *-er* ou precedido de *more*. Do mesmo xeito, existen adxectivos irregulares (*good* e *bad*).
- Non esqueza as regras de ortografía dos adxectivos que engaden *-er*. De ter algunha dúbida, consulte o *Grammar File 9* (páxina 18) do caderno de *Gramática e Práctica*.
- Para expresar acordo e desacordo empregamos o verbo *agree*. Teña moito coidado de non utilizarlo co verbo *be*; dicimos “*I agree*” (estou de acordo), non *I'm agree*.
- Fíxese que a negativa de “*I hope so*” é “*I hope not*”.
- Lembre que os adxectivos modifican a substantivos (*a quick worker*) mentres que os adverbios modifican a verbos (*he works quickly*). Non esqueza as regras ortográficas en canto á formación de adverbios.
- Adoitamos empregar o cuantificador *any* nas oracións interrogativas e negativas, mais cando se trata de peticións ou ofrecementos empregamos sempre *some* (*Would you like some coffee?*).

### **5.3 Actividades de autoavaliación**

### **File 9A: Comparatively trivial**

- Lea a información referente á formación do comparativo dos adxectivos na páxina 18 do caderno *Gramática y Práctica* e faga o apartado de *Práctica* da páxina 123.
- Observe a fotografía dos actores Danny DeVito e Arnold Schwarzenegger da páxina 123 e realice a actividade 2 na que, coa axuda da listaxe de adxectivos da páxina 150, terá que comparalos.
- Realice a sección de pronuncia da páxina 123.

### **File 9B: Predict your future**

- Mire os debuxos da páxina 124 e faga a actividade 1 da páxina 125, onde terá que emparellar as frases coas cartas que lle corresponden e redactar as predicións empregando a perífrase *be going to*.
- A continuación, lea a información referente ao uso de *be going to* para facer predicións na páxina 18 do caderno de *Gramática y Práctica* e complete o cadro da sección de *Gramática* da páxina 125.
- Faga a *Práctica* do apartado de *Gramática* da páxina 125.

### **File 9C: Happy Birthday**

- Lea a información referente á formación e ao uso dos adverbios de modo na páxina 18 do caderno de *Gramática y Práctica* e complete a sección de *Gramática* da páxina 127.
- Faga a *Práctica* do apartado de *Gramática* da páxina 127.

### **File 9D: Can men cook?**

- Lea a información relativa aos nomes contables e incontables na páxina 18 do caderno de *Gramática y Práctica* e faga a *Práctica* da sección de *Gramática* da páxina 128.
- A continuación, lea o texto *The Mysterious Mr Zact* da páxina 128 e trate de solucionar o enigma da actividade 1.
- Faga a actividade 2 da páxina 128, onde terá que ir ao *Word Bank* correspondente a esta unidade (páxina 145) e revisar os nomes de alimentos e bebidas e dicir se estes son contables ou incontables.
- Lea a información relativa ao emprego de *a / an / some / any* na páxina 18 do caderno de *Gramática y Práctica*, complete o cadro da sección de *Gramática* da páxina 129 e faga a *Práctica* da devandita sección.

## **Actividades de avaliação final**

Sección *Language Practice* (páxinas 130 – 133)

Faga as seguintes actividades:

- **File 9A:** exercicios 1 e 3 da páxina 130.
- **File 9B:** exercicios 1 e 2 da páxina 131.
- **File 9C:** exercicios 1b, 2, 3 e 4 da páxina 132.
- **File 9D:** exercicios 1, 2, 3 e 4 da páxina 133.

## Sección Quicktest 4 (páxina 137)

- Faga esta proba, onde revisará os contidos relativos ao vocabulario e gramática xa vistos ao longo das unidades 8 e 9 e comprobará se asimilou todo ben.

## 5.4 Actividades de titoría

### **File 9A: Comparatively trivial**

- Faga o cuestionario da páxina 122.
- Realice as actividades 3b e 4 da páxina 123, onde practicará o uso do grao comparativo dos adjetivos.

### **File 9B: Predict your future**

- Faga o exercicio 2 da páxina 125 onde terá que escutar a conversa dun taxista cunha vidente e responder á pregunta. De seguido, deberá redactar seis oracións sobre o futuro do taxista segundo o escutado na conversa.
- A continuación, realice a actividade 3 na que terá que fazer preguntas sobre as predicións que aparecen nas pistas e contestar a estas.
- Finalmente escute a canción *Three Little Birds* de Bob Marley e poña os versos na orde correcta, tal e como lle piden no exercicio 4a da páxina 125.

### **File 9C: Happy birthday!**

- Faga a actividade 1 da páxina 126, na que deberá escutar e ler cada parágrafo do texto. Responda ás cuestións ao final de cada parágrafo.
- Practique a entoación das oracións na sección de *Pronunciación* da páxina 127.
- Faga a actividade 4 desta mesma páxina, onde xogará a *What's my adverb?*.

### **File 9D: Can men cook?**

- Faga o exercicio 3 da páxina 128, no que practicará o vocabulario de alimentos e bebidas e as unidades de medida.
- Practique a unión de palabras ao falar no apartado de pronuncia da páxina 129.
- Faga as escoitas das actividades 4 e 5 da mesma páxina e responda ao que se lle pide.

### **Travel with English: Buying clothes (páxinas 134 – 135)**

#### **Vocabulary File 9: páxina 136**

#### **Actividade opcional**

Como actividade opcional pode ver o episodio 9 do vídeo.

# 6. Unidade 10

## 6.1 Criterios de avaliação

Ao final da unidade 10 debería ser capaz de:

- Falar de accións que ocorren nun momento do pasado sen especificar cando empregando o *Present Perfect*.

## 6.2 Suxestións para o estudo

